



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de abril de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día do día nove de abril de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(335).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

2(336).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MONITORES E ESTACIÓNS DE TRABALLO. EXPTE. 8364/113.

Dáse conta da proposta de data, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de abril de 2018, de TEKNOSERVICE, S.L. por exceder a súa proposición económica o orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELINCO INFORMÁTICA, S.L.	94,44
2	TKT SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L.	86,64
3	PAZ DISMAC, S.L.	36,28
4	SOLUTIA INNOVAWORLD TECHNOLOGIES, S.L.	31,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 962,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(337).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. EXPTE. 350/613.

Visto o informe de fiscalización de data 5/04/18, dáse conta do informe-proposta do 5/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:



Concello de Vigo

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 27 de marzo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L.	100,00
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,19
3	ITMA, S.L.U.	69,09
4	LIMPIEZAS CIES, S.L.	68,25
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	67,88

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o día 4 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de abril de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, agás os certificados de cumprimento das obrigas tributarias (co Estado e Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, incluídos na certificación do Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa data non ten validez.

Desde o Servizo de Contratación comprobouse a citada documentación no Rexistro de Contratistas e constatouse que eses certificados son válidos ata o 15 de maio de 2018.

En base ao anterior a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 20 e 23 de marzo de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) por un prezo total de 549.019,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 95.284,38 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(338).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA PARA ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS), DUN/DUNHA EXEÑEIRO/A INDUSTRIAL E UN/UNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 31555/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 4/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión na sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo: “APROBACIÓN DO PROGRAMA PARA A ANÁLISE, AVALIACIÓN, DIAGNOSE, EXECUCIÓN DE CONTROL DA NORMATIVA DE APLICACIÓN PARA INSTALACIÓN DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 10360/446.”

II.- Entre as necesidades referenciadas no expediente contéplase, un/unha enxeñeiro industrial, subgrupo A1, e unha auxiliar de administración xeral, subgrupo C2; por un prazo máximo de 3 anos.

III.- En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 19/03/2018, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Aprobación do programa para a análise, avaliación, diagnose, execución de control da normativa de aplicación para instalacións do servizo de montes, parques e xardíns. Expte. 10360/446), dun/dunha enxeñeiro/a industrial e un/unha auxiliar

de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de 3 anos, finalizando en todo caso ao finalizar o programa, xustificada nas necesidades de do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que constan no programa que figura no expediente 10360-446).

Tendo en conta que a realización do programa va indisolublemente ligado ao nomeamento do persoal necesario para o desenvolvemento do mesmo, se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionario/a interino/a do enxeñeiro/a industrial e o/a auxiliar de administración xeral.

IV.- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a industrial e auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento:

. como Enxeñeiro Industrial, D. Roberto Carlos González Fernández, con DNI *****134-V.

. como Auxiliar de administración xeral, D^a Beatriz Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y

Elo de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

V.- Con data 22/03/2017, polo Técnico de Organización e Planificación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar

parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Tendo en conta que a realización do programa va indisolublemente ligado ao nomeamento de persoal necesario para o desenvolvemento do mesmo, se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionario/a interino/a do enxeñeiro/a industrial e do auxiliar de administración xeral.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 281- enxeñeiro/a industrial, posto Cód. 138. auxiliar de administración xeral), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno



Concello de Vigo

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no acordo de Aprobación do programa para a análise, avaliación, diagnose, execución de control da normativa de aplicación para instalacións do servizo de montes, parques e xardíns. Expte. 10360/446, no punto 5º contéplase que a necesidade de medios humanos veñen marcadas pola escasa dotación de persoal actual do servizo de Montes, Parques e Xardíns para o desenvolvemento do programa; así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 19/03/2018, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente os nomeamentos interinos propostos por un período de 3 anos para o referido programa, supón un gasto de **201.584,12 €** (69.459,42 € - auxiliar de administración xeral, e 132.124,70 € - enxeñeiro/a industrial), con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, ao que haberá que engadirse a cantidade de **63.453,64 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 346 – enxeñeiro-técnico), da

RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

V. Verificación das listas de reserva:

Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de

. como Enxeñeiro Industrial, D. Roberto Carlos González Fernández, con DNI *****134-V.

. como Auxiliar de administración xeral, D^a Beatriz Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal; un/unha como Enxeñeiro/a Industrial (subgrupo A1) e un/unha como auxiliar de administración xeral (subgrupo A2), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos, finalizando en todo caso ao rematar o programa, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, que constan no programa que figura no expediente 10360-446, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data sesión sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018.

Se terá como data de inicio do programa, a data de toma de posesión como funcionarios/as interinos/as do enxeñeiro/a industrial e o/a auxiliar de administración xeral.

En consecuencia, autorizar o gasto de **201.584,12 €** (69.459,42 € - auxiliar de administración xeral, e 132.124,70 € - enxeñeiro/a industrial), con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 -



Concello de Vigo

outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Programa para análise, avaliación, diagnose, execución de control da normativa de aplicación para instalacións do servizo de montes, parques e xardíns. Expte. 10360-446", por un período máximo de 3 anos, como Enxeñeiro Industrial, a D. Roberto Carlos González Fernández, con DNI *****134-V, e como Auxiliar de administración xeral, a D^a Beatriz Bernárdez Rodríguez, con DNI *****333-Y,, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (máximo tres anos dende o nomeamento) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 281-Enxeñeiro/a industrial e posto Cód. 138-Auxiliar de administración xeral, sendo adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(339).- PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA AVDA. GREGORIO ESPINO, FASE III”. EXPTE. 3632/443.

Visto o informe de fiscalización do 6/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 4/04/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.08 (Humanización Gregorio Espino, Fase III).

II.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 3 de maio de 2017, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "Humanización da Avda. Gregorio Espino, Fase III", a prol da empresa AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314).

III.- A empresa AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. presentou proxecto de “Humanización da Avda. Gregorio Espino, Fase III”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Fernando López Mera e o Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€) de data outubro de 2017, e con firma dixital de data 15/03/2018 e 19/03/2018 (doc-2_planos).

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 15.11.2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación se desenrola na rúa Gregorio Espino, en dúas zonas definidas no proxecto que corresponde os tramos de vía que van dende a rúa Jenaro de la Fuente e rúa Urzáiz, e un segundo tramo entre a rúa San Roque e rúas Aguiá e Reixeñor.

- Previamente efectuaranse o demontaxe e retirada de mobiliario, luminarias existentes, sinais existentes, e bordo de granito, posterior demolición de pavimentos existentes, así como o saneo do mesmo.
- Previa excavación necesaria procederase a substitución do abastecemento, e saneamento existente, a base de tubaxe de fundición para o abastecemento, coa renovación de todas as derivacións a edificios existentes. Nova instalación de conducións de saneamento a base de tubaxe de PVC, asentadas sobre base compactada, e cos seus correspondentes pozos de rexistro, arquetas de conexión, elementos auxiliares necesarios e sumidoiros para recollida e condución de pluviais. Nova rede soterrada para alumado público, sinalización semaforica e rede de rego



Concello de Vigo

para o axardinamento proposto, así como a substitución parcial de rede eléctrica de distribución eléctrica.

- Novo acabado de pavimentos en zona de rodadura a base de fresado do pavimento existente con reposición á base de capa de 5 cm. De espesor de aglomerado en quentes AC 16S. En zona de peóns prevese baldosas de granito gris alba intercalado con pezas de granito rosa porriño e con baldosas rosa altamira en zonas de vados (pezas rasgadas e con botóns), asentadas todas elas sobre capa de morteiro M-5 de cm de espesor e sobre subbase de formigón en masa HM-25 de 20 cm. de espesor co seu correspondente bordo de granito asentado sobre soleira de formigón e delimitando zonas de acceso e rodadura, na zona de entrada de vehículos, prevese unha subbase de zahorra artificial, sobre ela unha soleira de formigón HM-20 de 20 cm de espesor, morteiro de colocación M-5 de 5 cm de espesor e peza de granito gris Alba de 14*14*10 cm, con pezas especiais de remate dos extremos e encontro coa calzada. Pezas especiais no remate con muretes do túnel existente, así como as xardineiras propostas.
- E como acabado, prevese a colocación e posta en funcionamento dos farois de iluminación, a semaforización proposta, instalación de mobiliario (papeleiras, marquesiña, bancos etc), pintado de zona de rodadura, colocación de sinalización, axardinamento de zonas previstas con previa posta en funcionamento do rego automático. E elementos decorativos de posta en valor da humanización que se propón.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de NOVE meses.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 03.04.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “Humanización da Avda. Gregorio Espino, Fase III”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Fernando López Mera e o Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€) e data outubro de 2017, e con firma dixital de data 15/03/2018 e 19/03/2018 (doc-2_planos).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(340).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA. EXPTE. 4.962/440.

Dáse conta da proposta de data 9/04/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación



Concello de Vigo

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) na seguinte orde descendente:

Ord e	Licitador	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,43
2	C. D. INDEPO, S.L.	93,70
3	HIDROMIÑO, S.L.	92,68
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	92,65
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	92,48
6	ORESA, S.L.	92,19
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,27
8	NAROM, S.L.	89,61
9	EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTAIS, S.L.U.	89,48
10	COPCISA, S.A.	88,48
11	ORECO, S.A.	86,89
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,45
13	CALDEVERGAZO, S.L.	79,47
14	ELSAMEX, S.A.	36,47

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 816,54 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(341).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”.EXPTE. 5439/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/04/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo Acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos incluídas no devandito Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 2 de abril os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente no “**Mallado da rede de abastecemento do concello**”. Segundo este informe “*se considera necesario acometer actuacións do mallado da rede, pasando a un sistema de rede articulada , no que os ramais da rede se unen entre sí e auga pode chegar a un punto determinado por máis dun circuito, evitando deixar sen servizo os cidadáns en caso de avaría. Por todo o anterior considérase que é unha actuación prioritaria que non debería demorarse*”.

V.- A vista deste informe, con data 4 de abril de 2018 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria AQUALIA da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de “**Mallado da rede de abastecemento do concello**”.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso



Concello de Vigo

de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **“MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”**.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”**.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(342).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1755/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

● Con data 9 de febreiro de 2015 o Pleno da Corporación adoptou entre outros o Acordo de :

“Aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal Reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo “.

● Con data 11 de marzo de 2015 foi publicado o texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

● Con data 2 de febreiro de 2018 a Concelleira-delegada ditou a seguinte orde de servizo :

“A vista das novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo considérase preciso a realización de modificacións na ordenanza para adaptala as novas circunstancias do sector polo que debера darse inicio as actuacións que sexan necesarias para a modificación da ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo aprobada en data 9 de febreiro de 2015.”

Nas datas 6 e 9 de febreiro de 2018 respectivamente celebráronse reunións con as catro asociacións representativas do sector do taxi para que formularan as propostas que considerasen oportunas informándoseles da intención municipal de modificar a vixente ordenanza municipal e adaptala as novas circunstancias xurdidas.

Estudadas as suxestións formuladas polas Asociacións representativas do sector e cos estudos realizados polo servizo de transportes e as instrucións da Concelleira-delegada da Área, redactase a proposta de modificación da vixente Ordenanza reguladora do servizo de taxi e as xustificacións das mesmas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo foi aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 e dende a súa entrada en vigor han pasado case tres anos; durante este tempo se ha apreciado a necesidade de adaptala as novas circunstancias do sector, así como aclarar e completar diversos artigos para un mellor coñecemento das súas obrigas e dereitos tanto dos profesionais do sector como dos usuarios.

Así mesmo contemplase a modificación introducida na Lei 4/2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo, pola Lei 13/2015 de 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

E por ultimo contemplase a disposición complementaria sobre definición distintivos de vehículos adscritos a licenzas de taxi aprobada na Xunta de Goberno Local de de data 19 de outubro de 2017

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS E A SÚA XUSTIFICACIÓN

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS propónse suprimir a letra d) do parágrafo por non referirse a un caso de transmisión, si non que se establece como farase a solicitude nos casos anteriores, mantendo o texto do parágrafo; e substituír a letra e) pola letra d) que si é outro caso de transmisión de licencias.

No apartado ultimo propónse incluír a letra a) exceptuando os casos de que se constituía unha comunidade de herdeiros.

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS propónse modificar o apartado e) para adaptalo a modificación introducida na Lei 4/2013 pola Lei 13/2015 de 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas.” que quedaría coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.

A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS propónse incluír no paragrafo segundo unha aclaración en relación a transmisión de vehículos adscritos nos casos de transmisións de licenzas, aclaración considerada necesaria para información do adquirente da licenza :

A modificación proposta consiste en engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licencia

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”



Concello de Vigo

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS propónse as seguintes modificacións:

Incluír o aprobado na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no B.O.P.P.O. de data 16 de novembro de 2017.

Suprimir a obrigatoriedade de levar a placa identificativa de servizo público xa que o S.P. non é obrigatoria na lexislación de transportes e a súa finalidade era a identificación do vehículo que na actualidade está perfectamente identificado,.

Suprimir no parágrafo número 18 a palabra transparente xa que na actualidade a maioría dos vehículos traen de serie os cristais tintados nas portas traseiras.

Substituír o último parágrafo do artigo polo seguinte texto, por considerar que o mesmo está incompleto:

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“ Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberán cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria.

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN propónse as seguintes modificacións:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

E incluír no apartado d) a redacción contemplada en relación coa ordenanza e as súas disposicións complementarias na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no BOPP de data 16 de novembro de 2017.

No artigo 24 NORMAS XERAIS propónse as seguintes modificacións:

Suprimir no parágrafo primeiro o BTP xa que non é obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2016.

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI propónse a seguinte modificación :

Incluír a realización de dúas probas ao ano dada a demanda que se ven detectando .

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS propónse a seguinte modificación:

Completar a redacción do parágrafo segundo de tal forma que non poidan existir dúbidas en canto a publicidade que pode colocarse o no .

Contemplan que a publicidade nas portas traseiras poida ocupar a totalidade das mesmas dado o incremento da demanda de colocación de publicidade, a maior facilidade para o seu control e considerarse máis estética que como se contempla na actualidade.

Contemplan a regulación dos adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización do mesmo aos usuarios, e que actualmente vense colocando en calquera lugar do vehículo propoñéndose a parte posterior do mesmo e dunha forma ordenada, así como de colocación de publicidade na parte posterior do vehículo.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO propónse a seguinte modificación:

Contemplan un prepago nos servizos que supoñan saír da cidade e con un destino superior a 30 quilómetros para garantir o cobro efectivo do servizo.

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO propónse a seguinte modificación:

Incluír aclaracións en relación coa prestación do servizo que non están expresamente contempladas e que se consideran necesarias para que o servizo se preste correctamente, e evitar as dúbidas de interpretación xurdidas na aplicación da ordenanza

As aclaracións son relativas ao apartado D) sobre o aspecto persoal do condutor e propoñendo sa seguinte redacción .

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón corto , camisetas de tirantes, ou chanclas”

Engadindo dous apartados novos relativos ao estado do vehículo e ao acompañamento de cans de asistencia de conformidade co previsto na Lei 10/2003 de 26 de decembro sobre o acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

E engadir un parágrafo último coa prohibición de consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios que aínda que esta incluído nos deberes das persoas usuarias non estaba incluído neste artigo relativo a forma de prestación do servizo.

No artigo 39 DESCANSOS propónse a seguinte modificación:

Incluír no apartado cuarto a regulación contemplada na Disposición Complementaria sobre definición de distintivos de vehículos na Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2017 e publicada no B.O.P.P.O de data 16 de novembro de 2017 en relación cos distintivos que sinalizan os días de descanso

Engadir no apartado terceiro a excepción relativa aos eurotaxis tal e como aparece contemplada na disposición complementaria para regulación das quedas de descanso no sector aprobada na data 6 de setembro de 2010.

No artigo 42 NORMAS XERAIS propónse engadir un parágrafo relativa o data de presentación da solicitude de revisión tarifaría, para que a mesma sexa de aplicación o 1 de xaneiro.

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS propónse substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto:



Concello de Vigo

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.

No artigo 47 FALTAS GRAVES propónse a seguinte modificación, :

Incluír expresamente como falta “Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “ xa que non esta contemplada expresamente, polo que nos casos de infracción non pode sancionarse.

No artigo 48 FALTAS LEVES propónse a seguinte modificación

Incluír como faltas leves determinadas condutas que por non estar expresamente previstas como infracción non permiten legalmente a súa sanción:

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

- k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “
- l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.
- m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

RÉXIME XURÍDICO

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a “aprobación dos proxectos de ordenanzas “

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das Ordenanzas municipais

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

- a) aprobación inicial polo Pleno
- b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións .
- c) resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxestión , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de modificación da Ordenanza Municipal para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación.

PROPOSTA

PRIMEIRO ; Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015, co seguinte contido:

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado d) suprimindo a letra d) do paragrafo mantendo o mesmo, e substituír no apartado e) a letra e) pola d) .

Modificar o ultimo paragrafo que queda coa seguinte redacción :

“as transmisións a que se refire o presente artigo realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza . No caso da constitución dunha comunidade de herdeiros no se esixirá aos mesmos o requisito esixido no apartado f) do citado artigo.”

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado e) coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.
A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS :

Engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licencia

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

O requisito número 5 queda redactado co seguinte texto:

“Cor que aprobe o Concello, e no capo dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos que ocuparan a totalidade do capó.

O requisito número 6 queda redactado co seguinte texto:

“Na parte central das portas dianteiras levarán o escudo oficial do Concello que tera unas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

O requisito número 7 queda redactado co seguinte texto:



Concello de Vigo

O numero de licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo .

Os números de licenza deberan ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm e tipografía Helvética Médiu Condensed.

a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

b) na luneta traseira deberan figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa na que figure o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

Proponse suprimir o requisito número 15:

“Deberan levar a placa identificativa de servizo publico “

Engadir no paragrafo número 17 o seguinte texto:

“ O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita. Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos autorizados con anterioridade á data 16 de novembro de 2017 “

Proponse suprimir no paragrafo número 18

A palabra transparente

Substituír o ultimo paragrafo polo seguinte texto :

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberan cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria. “

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN proponse:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

Engadir no apartado d) o seguinte:

“ A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento .

No artigo 24 NORMAS XERAIS proponse:

Suprimir no paragrafo primeiro “ **o BTP** “

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI

O paragrafo primeiro queda redactado co seguinte texto :

Para a obtención de permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocara as probas necesarias como mínimo dúas veces ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS

O paragrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

“Non se autorizaran anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.”

O paragrafo cuarto queda redactado da seguinte forma :

“ A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas: a porta non incluírá o cristal da ventanilla

Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

Engadir así mesmo que permitiranse na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixara un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios.

Debera respetarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO

Incluír o final un novo paragrafo :

“Nos servizos que supoñan un percorrido superior a 30 quilómetros poderá solicitarse por parte do condutor o pago anticipado dun 50 % do importe previsto para o traxecto a realizar, debendo entregar no momento do pago factura polo importe abonado. “

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO

O apartado D) queda redactado do seguinte xeito :

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón curto, camisetas de tirantes ou chanclas”

Engadir no apartado K) o cos axentes de autoridade.

No paragrafo ultimo suprimir a palabra autotaxi .

Engadir un apartado m) co seguinte texto:



Concello de Vigo

“levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación “

Engadir un apartado n) co seguinte texto:

“Permitirase a entrada de cans-guía que acompañen a persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidade física.”

Engadir un paragrafo ultimo co seguinte texto:

“Estará prohibido consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios .

No artigo 39 DESCANSOS

Engadir no apartado terceiro:

“Nin os eurotaxis que soamente ponderan prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida.”

O apartado cuarto queda redactado co seguinte texto:

“Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalarase con círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ambos lados e iran colocados sobre a chapa “

No artigo 42 NORMAS XERAIS

Engadir un paragrafo entre o segundo e o terceiro co seguinte texto :

“ A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente , de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro “

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.”

No artigo 47 FALTAS GRAVES

Engadir un apartado n)

“Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “

No artigo 48 FALTAS LEVES

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “

l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.

m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

SEGUNDO; Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 co seguinte contido:

No artigo 11 : TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado d) suprimindo a letra d) do paragrafo mantendo o mesmo, e substituír no apartado e) a letra e) pola d) .

Modificar o ultimo paragrafo que queda coa seguinte redacción :

“As transmisións a que se refire o presente artigo realizaranse a favor das persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 6 da presente Ordenanza . No caso da constitución dunha comunidade de herdeiros no se esixirá aos mesmos o requisito esixido no apartado f) do citado artigo.”

No artigo 12 : PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

Modificar o apartado e) coa seguinte redacción:

“Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, a Xunta de Galicia outorgará de xeito automático a autorización interurbana de taxi.
A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.”

No artigo 17 :NORMAS XERAIS :

Engadir no paragrafo segundo :

“e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo,previa a autorización da transmisión de licencia

Non caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.”

No artigo 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

O requisito número 5 queda redactado co seguinte texto:

“Cor que aprrobe o Concello, e no capó dos vehículos figurara a bandeira da cidade formada por triángulos que ocuparan a totalidade do capó.

O requisito número 6 queda redactado co seguinte texto:



Concello de Vigo

“Na parte central das portas dianteiras levarán o escudo oficial do Concello que terá unas medidas de 12,5 cm de ancho x 19,57 cm de alto .

O requisito número 7 queda redactado co seguinte texto:

O numero de licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo (parabrisas traseiro na parte inferior dereita) e na parte frontal dianteira do interior do vehículo .

●Os números de licenza deberan ter unhas medidas de 40 mm de ancho por 65 mm e tipografía Helvética Médiun Condensed.

●a) nas portas dianteiras deberán ir colocadas debaixo do espello retrovisor e ser de cor negro.

●b) na luneta traseira deberan figurar na parte inferior dereita e ser de cor branco.

c) na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa na que figure o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto)

Proponse suprimir o requisito número 15:

“Deberan levar a placa identificativa de servizo publico “

Engadir no paragrafo número 17 o seguinte texto:

“O dispositivo luminoso irá no teito do vehículo, no primeiro terzo da parte superior dianteira dereita. Exclúense desta obriga os dispositivos luminosos autorizados con anterioridade á data 16 de novembro de 2017 “

Proponse suprimir no paragrafo número 18

A palabra transparente

Substituír o ultimo paragrafo polo seguinte texto :

“E os demais requisitos que se poidan establecer nas Disposicións Complementarias que se diten en desenvolvemento desta ordenanza ou nas demais normativas de aplicación.”

Engadir un apartado final co seguinte contido :

“Polos servizos técnicos municipais elaborárase un estudo sobre as dimensións mínimas que deberan cumprir os vehículos para súa adscrición ao servizo de taxis que se incorporaran a presente ordenanza como disposición complementaria. “

No artigo 21 DOCUMENTACIÓN proponse:

Engadir entre os documentos relativos o propio vehículo e o seu condutor:

“ A autorización interurbana de transportes “

Engadir no apartado d) o seguinte:

“ A Ordenanza e as disposicións complementarias poderán presentarse en formato papel ou ben descargadas nun dispositivo electrónico que se leve no vehículo e que poida consultarse en calquera momento .

No artigo 24 NORMAS XERAIS proponse:
Suprimir no paragrafo primeiro “ o BTP “

No artigo 25 OBTENCIÓN PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI

O paragrafo primeiro queda redactado co seguinte texto :
Para a obtención de permiso municipal de condutor de taxi, o Concello convocara as probas necesarias como mínimo dúas veces ao ano, a non ser que haxa circunstancias que motiven a non convocatoria das probas ou que fagan necesaria a convocatoria cunha periodicidade maior. Así mesmo poderán celebrarse probas de aptitude para a obtención do permiso municipal do condutor cando as circunstancias o requiran.

No artigo 29 PUBLICIDADE NORMAS XERAIS

O paragrafo segundo queda redactado da seguinte forma:

“Non se autorizaran anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.”

O paragrafo cuarto queda redactado da seguinte forma :

“ A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas, a porta non incluírá o cristal da ventanilla .

Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

Engadir así mesmo que permitiranse na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixara un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios.

Debera respetarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.

No artigo 33 PAGAMENTO DO SERVIZO

Incluír o final un novo paragrafo :

“Nos servizos que supoñan un percorrido superior a 30 quilómetros poderá solicitarse por parte do condutor o pago anticipado dun 50 % do importe previsto para o traxecto a realizar, debendo entregar no momento do pago factura polo importe abonado. “

No artigo 37 FORMA DE PRESTACIÓN DE SERVIZO

O apartado D) queda redactado do seguinte xeito :

“Coidar o aspecto e o aseo persoal e vestir-se axeitadamente para o servizo. Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chándal, pantalón curto, camisetas de tirantes ou chanclas”



Concello de Vigo

Engadir no apartado K) o cos axentes de autoridade.

No paragrafo ultimo suprimir a palabra autotaxi .

Engadir un apartado m) co seguinte texto:

“levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación “

Engadir un apartado n) co seguinte texto:

“Permitirase a entrada de cans-guía que acompañen a persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidade física.”

Engadir un paragrafo ultimo co seguinte texto:

“Estará prohibido consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo tanto os condutores como os usuarios .

No artigo 39 DESCANSOS

Engadir no apartado terceiro:

“ Nin os eurotaxis que soamente ponderan prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida.”

O apartado cuarto queda redactado co seguinte texto:

“ Os días de descanso que correspondan a cada licenza sinalarase con círculos de cores de 10 cm de diámetro adhesivos no imantados que se situaran na parte lateral superior traseira do vehículo a ambos lados e iran colocados sobre a chapa “

No artigo 42 NORMAS XERAIS

Engadir un paragrafo entre o segundo e o terceiro co seguinte texto :

“ A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente , de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro “

No artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Substituír o contido do apartado g) polo seguinte texto

“A poder ir acompañada de cans-guía no caso de persoas cegas o con deficiencia visual e de cans de servizo no caso de persoas con discapacidade física.”

No artigo 47 FALTAS GRAVES

Engadir un apartado n)

“Non exercer a actividade de maneira única e exclusiva sendo titular da licenza de taxi “

No artigo 48 FALTAS LEVES

Engadir no apartado a)

“ O que non se axusten o disposto nas normas reguladoras”

E engadir os seguintes apartados:

- k) “O incumprimento das condicións de prestacións de servizo incluídas no artigo 37 da Ordenanza “
- l) “Non presentar a solicitude de alta o a comunicación de baixa de asalariado conforme ao disposto no artigo 24 da Ordenanza.
- m) “ Non levar no vehículo a documentación preceptiva .

SEGUNDO, -Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia as Asociacións representativas do sector polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local , de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza aprobada inicialmente, debendo publicarse o texto integro da modificación da Ordenanza no B.O.P.P.O entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelarias Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez